



DATOS IDENTIFICATIVOS

Análise de experiencias interdisciplinares

Materia	Análise de experiencias interdisciplinares			
Código	P02M178V01102			
Titulación	Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pazos Couto, Jose Maria			
Profesorado	Domínguez Lloria, Sara Pazos Couto, Jose Maria			
Correo-e	chema3@uvigo.gal			
Web	http://http://dides.webs.uvigo.es/gl/			
Descrición xeral	Nesta materia exploraranse contextos que permitan abordar a interdisciplinariedade entre as áreas de didáctica da expresión musical e a didáctica da expresión corporal tendo especial atención á inclusión da educación para a sustentabilidade.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
A2	Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro dos contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
A3	Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos
A4	Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades
A5	Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permita continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
B1	Expresarse correctamente, tanto de xeito oral como escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
B3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
B4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómica e cultural da sociedade
C1	Coñecer as bases teóricas do traballo interdisciplinario e identificar os seus centros de interese en contextos escolares e non escolares
C2	Identificar e analizar criticamente propostas interdisciplinares no ámbito educativo
C3	Deseñar, xustificar, organizar e avaliar de xeito sistemático propostas interdisciplinares en distintos contextos educativos

C9	Ensaia e avaliar planteamentos de ensino disciplinarios ou interdisciplinarios en contextos educativos reais, e promover achegas de mellora en relación cos resultados obtidos
C13	Analizar e valorar criticamente investigacións e proxectos de innovación en ámbitos disciplinarios específicos
C17	Seleccionar, adaptar e aplicar materiais e recursos TIC e doutra índole, para mellorar o ensino e aprendizaxe dos diferentes ámbitos disciplinarios
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Traballar de xeito autónomo e con iniciativa
D4	Traballar de xeito colaborativo
D5	Capacidade de organización e planificación en ámbitos educativos disciplinarios e interdisciplinarios
D11	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D12	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega
D13	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os aspectos básicos da interdisciplinariedade en diversos contextos educativos.	A2 A5 B1 B3 B7 B8 C1 C2 C3 C9 C13 C17 D1 D4 D5 D12
Explorar contextos que permitan tratar a interdisciplinariedade buscando a sinerxía entre distintas materias curriculares.	A2 A3 B1 B3 B7 C1 C2 C3 C9 C13 C17 D1 D3 D4 D5 D11 D13
Analizar criticamente as pautas e concrecións interdisciplinares que aparecen nos currículos escolares.	A1 B1 B4 B6 C2 C13 D1 D11 D13

Identificar e analizar/valorar criticamente as metodoloxías docentes que mellor se axustan ao traballo interdisciplinario en E. Infantil e/ou Primaria.	A3 A4 B1 B4 B6 B8 C2 C13 D1 D3 D4 D12
---	--

Dotar ao alumnado de instrumentos para analizar e avaliar propostas de ensino interdisciplinarias en E. Infantil e/ou Primaria.	A1 A2 B1 B3 B4 C1 C2 C3 C9 C13 C17 D1 D3 D4 D5 D11 D12 D13
---	---

Contidos

Tema	
Introdución á interdisciplinariade. Liñas básicas do traballo interdisciplinario: antecedentes, fundamentación teórica modelos, etc.	Antecedentes Fundamentación teórica Modelos
Centros de interese para o traballo interdisciplinario. Análise das achegas das distintas disciplinas curriculares.	Achegas desde a didáctica da expresión musical Achegas desde a didáctica da expresión corporal
Estudo da interdisciplinariade a través das competencias básicas e estándares de aprendizaxe no currículo.	Aprendizaxe por competencias.
Metodoloxías para o traballo interdisciplinario en E. Infantil e/ou Primaria.	
Análise e avaliación de propostas interdisciplinarias concretas.	Análise e avaliación de propostas interdisciplinarias concretas. Introdución da perspectiva de xénero.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	9	41	50
Aprendizaxe colaborativa	4.5	17.5	22
Metodoloxías baseadas en investigación	3	1.5	4.5
Lección maxistral	2	1	3
Presentación	4	29	33

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Realización de traballos en pequeno grupo de maneira participativa e colaborativa.
Aprendizaxe colaborativa	Introdución á realización de traballos en grupos de maneira colaborativa.
Metodoloxías baseadas en investigación	Coñecemento, identificación, análise crítica de diferentes metodoloxías aplicables ao traballo interdisciplinario.
Lección maxistral	Presentación dos contidos Introdución aos aspectos básicos da interdisciplinariade en diversos contextos educativos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exporanse os diferentes contidos da materia, así como se buscará que o alumnado reflexione e debata sobre as cuestións a tratar na aula. En caso de que a docencia pase a ser mixta ou non presencial usaranse as plataformas do Campus Remoto e de Moovi.
Traballo tutelado	Atenderanse as dúbidas do alumnado no horario de titorías establecido polo centro. En caso de que a docencia pase a ser mixta ou non presencial usaranse o correo electrónico e as plataformas do Campus Remoto e de Moovi. Nestes dous últimos casos, con cita previa.
Aprendizaxe colaborativa	Atenderanse as dúbidas do alumnado no horario de titorías establecido polo centro. En caso de que a docencia pase a ser mixta ou non presencial usaranse o correo electrónico e as plataformas do Campus Remoto e de Moovi. Nestes dous últimos casos, con cita previa.
Metodoloxías baseadas en investigación	Atenderanse as dúbidas do alumnado no horario de titorías establecido polo centro. En caso de que a docencia pase a ser mixta ou non presencial usaranse o correo electrónico e as plataformas do Campus Remoto e de Moovi. Nestes dous últimos casos, con cita previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Avaliaranse os traballos en pequeno grupo realizados de maneira participativa e colaborativa.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C3 C9 C13	D1 D3 D4 D5 D11 D12 D13
Aprendizaxe colaborativa	Avaliarase a participación, implicación e colaboración de todas as persoas que integran os grupos durante as sesións de traballo na aula.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C3 C9 C13	D1 D3 D4 D5 D11 D12 D13
Metodoloxías baseadas en investigación	Avaliarase o coñecemento, identificación e análise crítica de diferentes metodoloxías aplicables ao traballo interdisciplinario.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C3 C9 C13	D1 D3 D4 D5 D11 D12 D13
Presentación	Avaliaranse as presentacións orais derivadas dos traballos realizados en grupo.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C3 C9 C13	D1 D3 D4 D5 D11 D12 D13

Outros comentarios sobre a Avaliación**AVALIACIÓN 1ª CONVOCATORIA:**

Para poder acollerse á **avaliación continua** será preciso:

- asistir e participar nas sesións lectivas de aula nun 80% do tempo presencial
- realizar as probas que se indican no apartado avaliación desta guía (traballo tutelado, aprendizaxe cooperativa, metodoloxía de investigación e presentación)

A cualificación final (nota) será obtida, por avaliación continua, mediante a acumulación porcentual de cada unha das cualificacións singulares obtidas. En todo caso, será necesario alcanzar unha cualificación mínima de aprobado (5 sobre 10) en cada unha das probas. Os documentos e arquivos dos traballos e tarefas do curso serán dispostos, en tempo e forma segundo os prazos programados, por cada estudante no seu espazo persoal respectivo na aula virtual do curso en MOOVI.

O **estudantado que non cumpra cos requirimentos para poder acollerse á avaliación continua** deberá optar pola **avaliación global**. Esta levarase a cabo mediante a **realización dun exame** teórico/práctico na data e no horario oficial da materia. Para obter unha avaliación positiva será preciso obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 nesta proba.

AVALIACIÓN EN 2ª CONVOCATORIA:

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xuño-xullo:

- No caso de ser **estudantado que optou pola avaliación continua na 1ª convocatoria**, poderá realizar as actividades pendentes de avaliación positiva.
- No caso de ser **estudantado que non se presentou ao exame ou que non acadou unha avaliación positiva neste na 1ª convocatoria**, deberá realizar o exame teórico/práctico (segundo corresponda).

DATAS DE EXAMES: consultarase na páxina web da facultade no apartado de organización académica (<http://dides.webs.uvigo.es/es/docencia/horarios/>)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Campos Fernández-Figares/Martos Garcia, A. , 90, Revista Interuniversitaria de Formación del Profeso, **Lecturas, ecología y educación. Nuevas perspectivas de la formación del profesorado**, 1, Universidad de Zaragoza, 2017

Majó Masferrer, F./Baqueró Alós, M., **Ocho ideas clave. Los proyectos interdisciplinarios.**, 1, Graó, 2014

PNUD, **Objetivos de Desarrollo sostenible**, 1, Naciones Unidas, 2016

Arce, P. / Mucci, M. / Lapolla, P., **Experiencias artísticas con instalaciones. Trabajos interdisciplinarios de simbolización y juego en la escuela infantil**, 1, Ediciones Novedades Educativas, 2019

Acaso, M. / Megía, C., **Art thinking. Cómo el arte puede transformar la educación**, Paidós, 2017

Bibliografía Complementaria

Arias, A. / Arias, D. / Navaza, M. / Rial, D., **O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria**, 1, Xunta de Galicia, 2009

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Aplicación das TIC na innovación educativa/P02M178V01106

Deseño de proxectos interdisciplinares/P02M178V01103